

THE TRIBE

[Miroslav Slaboshpitsky, 2014]

112

ESTREA EN NUMAX: 06.05.2016 | v.o. | +18

Plemya (2014, 130')

Dirección: Miroslav Slaboshpitsky

Guión: Miroslav Slaboshpitsky

Reparto: Grigoriy Fesenko, Yana Novikova, Rosa Babiy, Alexander Dsiadevich, Yaroslav Biletskiy, Ivan Tishko, Alexander Osadchiy, Alexander Sidelnikov, Alexander Panivan

Montaxe: Valentyn Vasyanovych

Son: Sergiy Stepansky

Fotografía: Valentyn Vasyanovych

Vestiario: Alena Gres

Produtora: Garmata Film Production (Ucráina)

Distribuidora: El Sur Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.39:1

PREMIOS

Cannes 2014 (mellor filme na Semana da Crítica), National Board of Review 2015 (mellor filme estranxeiro), Críticos de Los Angeles 2015 (nomeado ao mellor filme estranxeiro), Premios do Cinema Europeo 2014 (descubrimiento europeo do ano).

FILMOGRAFÍA

Nuclear Waste, 2012 [curtametraxe]

Deafness, 2010 [curtametraxe]

Diagnosis, 2009 [curtametraxe]

The Incident, 2006 [curtametraxe]

The Guard, 1995 [curtametraxe]

SINOPSE

Un adolescente xordomudo ingresa nun internado especial onde, para sobrevivir, ten que formar parte dunha organización salvaxe, «a tribo», dedicada a todo tipo de actos delictivos. O seu amor por unha das concubinas do líder levarao a desafiar as regras non escritas na xerarquía da banda. Un filme que non precisa de dobraxe nin subtítulos, onde toda a comunicación é mediante a linguaxe de signos. Porque o amor e o odio non precisan tradución.

«Un tour de force formal, unha triunfante superación de retos cinematográficos autoimpostos»

A. O. SCOTT. THE NEW YORK TIMES



THE TRIBE

[Miroslav Slaboshpitsky, 2014]

«O principal reto foi dirixir un filme mudo moderno»

Entrevista a Miroslav Slaboshpitsky por Eric Kohn

A linguaxe de signos empregada para narrar esta historia é unha estratexia salientábel, mais no filme hai moito máis ca iso. O principal reto foi dirixir un filme mudo moderno. Trátase dun xeito diferente de narración. Un ano despois da súa estrea en Cannes falei cun lote de xente que viu o filme e decateime dunha cousa curiosa: a xente identifícase co personaxe de Sergei, mais el non é moito mellor ca os demais da tribo. Se cadra até é peor, mais o público ponse do seu lado e iso é importante para min. Na primeira parte do filme, Sergei é o noso guía. Seguímolo no seu inframundo. Algúns críticos de Rusia dixéronme que coidaban que a segunda parte do filme trata máis da rapaza. Iso é porque o interese de Sergei xira cara á moza que ama. Daquela nós tamén cambiamos o punto de vista.

Cal era a túa relación con esta comunidade antes de comezar a pensar no filme? Cando eu era cativo a miña escola está ao pé dun internado para xordos e vía como se comunicaban entre si. Cando decidín realizar o filme estaba a dirixir unha curtametraxe. Fun a unha asociación de cegos de Ucraína e díxenlles: «Ola, gustárame facer unha curta», e amosáronse moi abertos. Iso foi hai catro un cinco anos. Desde entón coñecín moita xente xorda, incluíndo algúns con pasado criminal e empreguei algunhas historias reais para o guión.

Como fixeches para dirixir o filme sen falar linguaxe de signos? É moi complicado estudar esta linguaxe, é coma aprender chinés pois empregan o seu propio alfabeto. Tiven que botar man dun intérprete.

Daquela como escribiches os diálogos? Escribín o texto con diálogos convencionais e logo traducírono. É interesante porque a xente xorda fala de xeito diferente desde que deixan

de poder ouvir. O intérprete tivo que observar aos actores para se asegurar que expresaban a idea correcta.

Como foi a relación do elenco de actores co proxecto? Foi unha experiencia nova para todo o mundo. A actriz principal, Yana Novikova, vive nunha pequena vila na que Marc Chagall viviu nunha ocasión. Estudou enxeñaría mais o seu soño era ser actriz. Foi a Kiev a tentou entrar nunha compañía de teatro mais foi rexeitada. Outro membro do noso elenco é un gran cinéfilo. Vira todo canto filme hai mais non tiña experiencia. O resto dos actores tiñan tamén escasa experiencia co cal fixemos unha chea de ensaios e probaturas.

The Tribe ten bastantes escenas violentas. Que te levou a tomar esa decisión? É gracioso porque en termos porcentuais o filme non ten máis violencia que, digamos, Tom e Jerry. De feito ten menos, mais ao semellar real non se percibe como atractiva. No cinema comercial a violencia é carnavalesca, namentres a violencia da vida real é fea. Algunhas persoas esquecen o resto do filme mais lembran xusto esas escenas. O aborto ilegal resulta desagradábel mais esa era a idea. Algunhas mulleres que tiveron que facelo explicáronme os detalles e representeinos así no filme. A violencia do cinema comercial semella non ser problemática e eu creo que non debe atraer senón conmocionar o espectador.

Que reaccións detectaches na comunidade xorda? Estou algo nervioso con iso pois os personaxes do filme non son demasiado amábeis. Mais todo o mundo no filme é xordo, desde o protagonista ao antagonista. Insírese completamente dentro da súa sociedade. Algúns xordos bateron as palmas logo da proxección nos festivais e todos eles queren sacar unha foto con Yana desde que se converteu nunha estrela de cinema para eles. Téñennolo agradecido. No Reino Unido hai unha ampla comunidade de artistas xordos e non recibimos reaccións negativas.

Publicada en www.indiewire.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Mil orejas. Pilar Gutiérrez Llano
Libros del Zorro Rojo, 2016

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org